# D. MEMORIA DE XESTIÓN

Este documento forma parte do expediente n.º
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 28 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA
Fdo.: García Martínez

## D.1 SISTEMA DE ACTUACIÓN

O sistema de Actuación queda sinalado como de COOPERACIÓN, abranguindo a totalidade do PEMN a efectos da súa xestión, asignandose como unha única Unidade de Xestión.

No Sistema de Cooperación, dacordo co previsto nos arts. 186 a 193 do Regulamento de Xestión, os propietarios incluidos dentro do Núcleo aportan o solo de cesión obrigatoria, e a Administración executa as obras de urbanización.

No anexo A.III da MEMORIA INFORMATIVA aparece o listado completo dos propietarios no ámbito do PEMN QUINTIAN - BEADE.

A aplicación do sistema de Cooperación eisixe a reparcelación dos terreos que abrangue o Núcleo, agás esta sexa innecesaria. Daquela os custes de urbanización e obtención dos Espacios Libres de Uso e Dominio Público distribuiranse entre os propietarios en proporción o aproveitamento das súas respectivas fincas.

Neste suposto, o acordo da Administración polo que se declare innecesaria a reparcelación producirá os seguintes efectos:

- Cesión do Dereito o Concello do pleno dominio e libre de cargas de tódolos terreos de cesión obrigatoria para a súa incorporación o Patrimonio Municipal ou a súa afectación conforme dos usos segundo PEMN.
- Afectación real das fincas o cumprimento das cargas e pago dos gastos inherentes o Sistema de Cooperación.

O sistema de actuación foi elexido en función do seu desenvolvemento pola iniciativa Pública ( Concello) que servirá de promotora tra-lo a acordo inicial cos propietarios para o desenvolvemento do PEMN.

Os propietarios das fincas do Núcleo poderán constituir asociacións administrativas coa finalidade de colaborar na execución das obras de urbanización.

A Asociación Administrativa de Cooperación formarase por iniciativa dos propietarios ou do Concello e terá entre as súas funcións a colaboración co Concello na Xestión e Urbanización do PEMN.

Os prazos de execución da urbanización coincidirán cos establecidos no Plan de Etapas.

A conservación dos espacios de dominio e uso público correrá a cargo da Comunidade de Propietarios que se establezca o efecto.

Este documento forma parte do expediente n.º
-2795/411
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 28 JUL 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA
Asdo.: Fco. Javier García Martínez



## D.2 ESTUDIO ECONÓMICO - FINANCEIRO

Redactase o presente estudio para dar cumplimiento a lo especificado en el art. 77 do Regulamento de Planeamento Urbanístico.

Dito Estudio Económico-Financeiro realizase coa previsión de que ainda que o *"desenvolvemento"* do PEMN atense o Plan de Etapas, as caracteristicas do mesmo e a posibilidade da simultaneidade de etapas non fan prever diferencias substanciais no prezo de implantación das distintas obras e servicios.

Por elo realizase o Estudio Económico-Financeiro para as distintas obras e servicios pero considerando globalmente as dúas Fases.

É de suliñar a inexistencia de necesidade de implantación de servicios de carácter público, nin a realización de obras especiales, e asemade a relativamente escasa proporción de indemnizacións.

A implantación das obras e servicios faráse dacordo coas determinacións previstas en cada caso nos apartados da Memoria Xustificativa da Ordenación.

Este documento forma parte do expediente n.º
-2795/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 28 JUN 1998
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez



**ESTUDIO ECONÓMICO FINANCEIRO**
**PEMN QUINTIAN- BEADE (VIGO)**

**FASES I, II, III, IV, V, VI, VII e VIII**

**CUSTO EXECUCIÓN MATERIAL**
**(DECEMBRO DE 1994)**

Prezos segunda revista EME DOS nº75
(*) Considerase unha rebaixa do 50% nos prezos por existencia das infraestructuras básicas

| | | | |
|---|---|---|---|
| 0 | DEMOLICIÓNS | | |
| 0.1 | Galpones | | |
| | 100.00 $m^3$ | 200 pts/$m^3$ | 20.000.00 |
| | | | |
| | TOTAL DEMOLICIÓNS | | 20.000.00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 1 | MOVEMENTO DE TERRAS | | |
| 1.1 | Explanacións | | |
| | 633.00 $m^2$ | 500 pts/$m^2$ | 316.500.00 |
| 1.2 | Recheos | | |
| | 1.248.00 $m^3$ | 450 pts/$m^3$ | 561.600.00 |
| 1.3 | Desmontes | | |
| | 735.00 $m^3$ | 250 pts/$m^3$ | 183.750.00 |
| | TOTAL MOVEMENTO DE TERRAS | | 1,061.850.00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | SUMA E SIGUE | | 1.081.850.00 |

Este documento forma parte do expediente n.º 2795/411
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 28 JUL 1999
O SECRETARIO DA XERENCIA
Asdo.: Fco. Javier García

| | | | |
|---|---|---|---|
| | SUMA ANTERIOR | | 1.081.850.00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2 | MELLORA DA REDE VIARIA | (*) | |
| 2.1 | Vial Tipo de 16 ml. (3.00+10.00+3.00) | | |
| 2.1.1 | Encintado e Pavimentación calzada | | |
| | 480.00 ml. | 22.472 pts/ml | 10,786.560.00 |
| 2.1.2 | Sumidoiros e imbornais | | |
| | 480.00 ml. | 37.960 pts/ml | 18.220.800.00 |
| 2.1.3 | Pavimentación de beirarrúas | | |
| | 480.00 ml. | 11.056 pts/ml | 5.306.880.00 |
| 2.1.4 | Alumeado Público | | |
| | 480.00 ml | 5.013 pts/ml | 2.406.240.00 |
| 2.1,5 | Rede de Baixa Tensión | | |
| | 480.00 ml | 1.750 pts/ml | 840.000.00 |
| 2.1.6 | Telefonía | | |
| | 480.00 ml | 1.600 pts/ml | 768.000.00 |
| 2.1.7 | Abastecemento de Augas | | |
| | .480.00 ml | 2.250 pts/ml | 1.080.000.00 |
| | TOTAL Ml. de Mellora e ampliación Vial Tipo 16,00 ml. | 82.101 pts/ml | 39.408.480.00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | SUMA E SIGUE | | 40.490.330.00 |

Este documento forma parte do expediente n.º - 2795/411.19
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 28 JUL 1999
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez



| | | | |
|---|---|---|---|
| | SUMA ANTERIOR | | [illegible]0.490.330.00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2.2 | Vial Tipo de 14 ml. (2.50+9.00+2.50) | (*) | |
| 2.2.1 | Encintado e Pavimentación calzada | | |
| | 230.00 ml. | 19.663 pts/ml | 4.522.490.00 |
| 2.2.2 | Sumidoiros e imbornais | | |
| | 230.00 ml. | 33.215 pts/ml | 7.639.450.00 |
| 2.2.3 | Pavimentación de beirarrúas | | |
| | 230.00 ml. | 9.674 pts/ml | 2.225.020.00 |
| 2.2.4 | Alumeado Público | | |
| | 230.00 ml. | 4.386 pts/ml | 1.008.866.00 |
| 2.2.5 | Rede de Baixa Tensión | | |
| | 230.00 ml. | 1.531 pts/ml | 352.187.00 |
| 2.2.6 | Telefonía | | |
| | 230.00 ml.l | 1.400 pts/ml | 322.000.00 |
| 2.2.7 | Abastecemento de Augas | | |
| | .230.00 ml. | 1.969 pts/ml | 452.812.00 |
| | TOTAL Ml. de Mellora e ampliación Vial Tipo 14,00 ml. | 71.838 pts/ml | 16.522.826.00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2.3 | Vial Tipo de 8.00 ml (Rúa tipo mixta) | | |
| 2.3.1 | Encintado e Pavimentación vial | | |
| | 750.00 ml. | 18.056 pts/ml | 13.542.000.00 |
| 2.3.2 | Sumidoiros e imbornais | | |
| | 750.00 ml. | 26.164 pts/ml | 19.623.000.00 |
| 2.3.4 | Alumeado Público e Rede Baixa Tensión | | |
| | 750.00 ml. | 6.143 pts/ml | 4.607.250.00 |
| 2.3.5 | Telefonía | | |
| | 750.00 ml. | 3.200 pts/ml | 2.400.000.00 |
| 2.3.6 | Abastecemento de Augas | | |
| | 750.00 ml. | 4.500 pts/ml | 3.375.000.00 |
| | TOTAL Ml. de Execución Vial Tipo 8.00 ml. | 68.966 pts/ml | 51.724.500.00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | SUMA E SIGUE | | 108.737.656.00 |

Este documento forma parte do expediente nº -2795/411- aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 28 JUL 1999
O SECRETARIO DA XERENCIA
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

| | | |
|---|---|---|
| | SUMA ANTERIOR | 108.737.656.00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 2.4 | Rutas Peóns de 5.00 ml | | |
| 2.4.1 | Pavimentación e sinalización vial | | |
| | 120.11 ml. | 18.056 pts/ml | 2,168.706.00 |
| 2.4.2 | Sumidoiros e imbornais | | |
| | 120.11 ml. | 26.164 pts/ml | 3,142.558.00 |
| 2.4.4 | Alumeado Público e Rede Baixa Tensión | | |
| | 120.11 ml. | 6.143 pts/ml | 737.836.00 |
| 2.4.5 | Telefonía | | |
| | 120.11 ml. | 3.200 pts/ml | 384.352.00 |
| 2.4.6 | Abastecemento de Augas | | |
| | 120.11 ml. | 4.500 pts/ml | 540.495.00 |
| | TOTAL Ml. de Execución<br>Rutas Peóns de 5.00 ml. | 68.966 pts/ml | 8,283.507.00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| 3 | ZONAS VERDES | | |
| 3.1 | Espacios Libres de Dominio e Uso Público | | |
| | 3.265.00 m$^2$ | 1.500 pts/m$^2$ | 4.897.500.00 |
| | TOTAL ZONAS VERDES | | 4.897.500.00 |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **TOTAL AVANCE PRESUPOSTO PTS.** | | **121,918.663.00** |

Este documento forma parte do expediente n.º
-2795/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 28 JUL 1999
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez



## D.3 DIVISIÓN FASES DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN

Tendo o presente Documento o nivel de Planeamento faise un resume ordenado no que se contén as actuacións propostas é a sua programación no tempo estando a resultas do Proxecto de Urbanización :

1. AMPLIACIÓN E MELLORA DA REDE DE VIARIO PRINCIPAL.

OBXETO:
Completar servicios urbanísticos.
Limpeza, formación de beirarruas e axardinamento e mellora da imaxe do Núcleo.

AXENTE DE FINANCIACION:
Particular e Municipal.

URXENCIA:
Alta.

2. CANALIZACIÓN DAS REDES AEREAS PRINCIPAIS DE SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA, ALUMEADO E TELEFONIA.

OBXETO:
Completar servicios urbanísticos.
Mellora da imaxe do Núcleo.

AXENTE DE FINANCIACION:
FENOSA e TELEFONICA

URXENCIA:
Alta.

3. OBTENCION DA ZONA VERDE DE USO PUBLICO

OBXETO:
Obtención das dotacións fixadas para o Núcleo.
Completar servicios urbanísticos.

AXENTE DE FINANCIACION:
Particular e Municipal.

URXENCIA:
Alta.

4. AMPLIACION E MELLORA DAS REDES SECUNDARIAS DE ABASTECEMENTO DE AUGA.

OBXETO:
Completar servicios urbanísticos.

AXENTE DE FINANCIACION:
Particular.

URXENCIA:
Media.

5. AMPLIACION E MELLORA DAS REDES SECUNDARIAS DE SUMIDOIROS MUNICIPAIS

Este documento forma parte do expediente n.º -2795/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 28 JUL 1999
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez

OBXETO:
Completar servicios urbanísticos.

AXENTE DE FINANCIACION:
Particular.

URXENCIA:
Media.

6. AMPLIACION E CANALIZACION DAS REDES SECUNDARIAS DE SUBMINISTRACION ELECTRICA E ALUMEADO

OBXETO:
Completar servicios urbanísticos.

AXENTE DE FINANCIACION:
Particular.

URXENCIA:
Media.

7. URBANIZACION DOS VIAIS SECUNDARIOS

OBXETO:
Completar servicios urbanísticos.

AXENTE DE FINANCIACION:
Particular.

URXENCIA:
Media.

8. HÓRREOS, PECHES FINCAS, EMPARRADOS E XARDINS

OBXETO:
Protección e Conservación.

AXENTE DE FINANCIACION:
Particular.

URXENCIA:
Alta.

## D.4 PLAN DE ETAPAS DO PROGRAMA DE ACTUACIÓN

Como xa foi dito, o PEMN plantexase como unha única Unidade de Xestión. Dita Unidad se desenvolverá en oito Fases, polo que unha vez realizado e executado o Proxecto de Urbanización, o PEMN xa da as determinacións suficientes para o desenvolvemento da edificación.

As oito Fases agrupanse fundamentalmente en dúas Etapas no seú desenvolvemento.

En primeiro lugar a Etapa que da cumprimento as denominadas Dotacións Básicas (Mellora e Urbanización da Rede Viaria Principal e Obtención das zonas Verdes de Dominio e Uso Público). En segundo lugar a Etapa que da cumprimento a Rede Viaria Secundaria.

**CADRO DIVISIÓN ETAPAS**

| | | DURACIÓN ANOS |
|---|---|---|
| ETAPA I | | |
| | FASES 1 a 3 | 1 |
| ETAPA II | | |
| | FASES 4 a 8 | 3 |
| **TOTAL PEMN** | | **4** |

Este documento forma parte do expediente n.º - 2795/411 - aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data Vigo, 28 JUL 1999 O SECRETARIO DA XERENCIA, Asdo.: Fco. Javier García Martínez

**POSTA EN SERVICIO CESIÓNS**

| | ANOS |
|---|---|
| ZONA VERDE CESION | 1 |
| VIAIS PRINCIPALES | 1 |
| VIAIS SECUNDARIOS | 4 |
| **TOTAL PEMN** | **4** |

Este documento forma parte do expediente
-2795/411-
aprobado DEFINITIVAMENTE con esta data
Vigo, 28 JUL 1999
O SECRETARIO DA XERENCIA,
Asdo.: Fco. Javier García Martínez



## D.5. ESTUDIO DAS CONSECUENCIAS ECONÓMICAS E SOCIAIS DA EXECUCIÓN DO PEMN

O presente Estudio realizase para dar cumprimento o artigo 83.4 do regulamento de Planeamento da Lei do Solo.

CONSECUENCIAS SOCIAIS

O impacto social que plantexa o PEMN no interior do âmbito e nulo. Como xa se indicaba na Memoria Informativa, sobre a totalidade do Sector non se plantexa a derruba de ningunha edificación, ainda que algunhas están claramente fora de Ordenación.

Polo demáis o *Núcleo Rural* carece de explotación industrial ou agrícola agás o autoconsumo, polo que non procede expediente de regulamentación laboral nin peche de actividade comercial ou industrial sobre o mesmo.

Dado que entre os obxetivos da actuación esta a mellora das Infraestructuras básicas así como a percura de zonas verdes de uso e dominio público para o lóxico disfrute dos cidadáns máis pertos dese Núcleo, resulta clara a mellora da calidade de vida que acadará o *Núcleo Rural* tra-lo desenvolvemento do PEMN.

CONSECUENCIAS ECONÓMICAS

Como xa se sinalou no apartado anterior o non existir derribos de edificacións economizase notablemente os custes da Actuación.

Ditos custes se estimarán para cada propietario en función do aproveitamento urbanístico resultante, segunda Lei, e compensarán en servicios urbanísticos, valoración dos terreos e calidade urbana o custe das mesmas.

Hai que suliñar ademáis que unha das caracteristicas do PEMN e que convirte Solos calificados no PXOU do 1988 coma Non Urbanizables en Urbáns. Daquela o aproveitamento urbanístico e sobre todo o valor en venta resultante de tódolos terreos resultará claramente superior.

En Vigo, a 10 de xullo de 1999
O Arquitecto,

Fdo. XOSÉ A. COMESAÑA GARCÍA
Colexiado nº 775 COAG